



Circular fin de curso, familias

Con motivo do **FINAL DE CURSO** dende o colexio gustaríanos informaros do seguinte:

- **Rematamos a actividade lectiva o día 19 de xuño** polo que a partir dese día non se porán máis tarefas na web nin o alumnado ten que entregar máis actividades a partir dese día.
- As **notas** publicaranse en Abalar o **venres 19**, ás 09:00 horas. Non obstante as familias que as queiran en papel poderano solicitar e daráselles xunto coa lista de libros e material.
- Ofreceranse **tutorías ás familias**, a petición das mesmas, o **luns 22 de xuño**. Esta poderá realizarse de **forma telefónica**, para o que é preciso que nolo comuniquedes e solicitedes cita a través do correo electrónico, abalar móbil ou do teléfono do centro ou da responsable.
- As nenas/os que teñan **libros do fondo de libros deberán entregalos** en bo estado antes do 07 de xullo.
- Deberanse devolver tamén os libros da biblioteca escolar que o alumnado teña na casa.
- Podedes pasar a **recoller o material que tendes no cole e impresos varios** para o curso vindeiro (tanto os que marchan para o IES como os que continúan no cole: autorización de imaxe, matrícula, recollida transporte...) os martes e xoves en horario de 09:30 a 13:30 horas. Non obstante, senón podedes eses días, non dubidedes en poñervos en contacto comigo e abrírase o cole outro día.
- As **listas de libros e material escolar** entregaranse xunto co resto de documentación de cara ao curso que vén, xa dende mañá 16 de xuño. O mesmo a copia para as familias do historial académico do alumnado que remata 6º de primaria.

Pola súa parte, de **CARA AO CURSO QUE VÉN (2020/2021)** achegámosvos a seguinte documentación coa intención de que a cubrades e nola acheguedes ao centro educativo tan pronto como vos sexa posible para así poder deixar todo preparado antes de que comece o curso. O que vos achego é:

- Solicitud de continuidade de matrícula
- Autorización da imaxe. Curso 2020/2021
- Autorización para a recollida do alumnado. Curso 2020/2021
- Autorización para as saídas pola contorna. Curso 2020/2021
- Autorización uso excepcional de transporte (para alumnado de menos de 2km do centro educativo)

*** Calquera cambio que poida xurdir nos anteriores, agradecemos nolo comuniquen.**

Calquera dúbida sobre a documentación a cubrir, estaremos no centro educativo e tamén a través do teléfono persoal e do centro o tempo que sexa necesario para axudarvos.